

Resolución Reitoral pola que se procede a ampliación do prazo de solicitudes das bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da “Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA” dirixida ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2021/2022

De conformidade co establecido no artigo 32 da *Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común* e á vista do insuficiente número de solicitudes presentadas nas bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da “Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA”, convocada por Resolución Reitoral de 29 de marzo de 2022,

esta Reitoría RESOLVE:

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes das bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da “Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA” **ata o día 28 de abril de 2022.**

1. Publicar esta Resolución no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

